

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 16 de novembro de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez

NON ASISTEN:

D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dezaseis de novembro de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1609).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1610).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS DO ANO 2007. EXPTE. 2023/335

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.11.06, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado do 13.11.06, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos e polo concelleiro da Área de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 35.000 euros para a prestación dos servizos de deseño e produción de carrozas para a cabalgata de Reis do ano 2007 que se imputarán á partida presupuestaria 451.2.226.08.00 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo Excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 20.10.2006 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de Deseño e produción de carrozas para a cabalgata de Reis do ano 2007.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación urxente.

3(1611).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA SEGUNDA FASE DENTRO DA PRIMEIRA FASE (XACEMENTO ARQUEOLÓXICO) DO PROXECTO DE CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN DA VILA ROMANA DE TORALLA. EXPTE. 3517/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2.11.06, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado do 8.11.06, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos e polo concelleiro da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Autorizar o gasto de 300.000 euros para a execución das obras da segunda fase dentro da primeira fase (proxecto arqueolóxico) do proxecto de conservación-restauración da Vila romana de Toralla que se imputaran a partida 4531.601.000.2005RT .

2º.-Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por concurso aberto da execución das obras da segunda fase dentro da primeira fase (proxecto arqueolóxico) do proxecto de conservación-restauración da Vila romana de Toralla na súa versión de 08.11.2006.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

4(1612).- RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA FEDERACIÓN GALEGA DE CONSTRUCCIÓN CONTRA RESOLUCIÓN QUE ANUNCIA A LICITACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “REPARACIÓN DO PASEO DE BOUZAS”. PROPOSTA DE ESTIMACIÓN E INICIACIÓN DO PROCEDIMENTO LICITATORIO. EXPTE. 50044/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 10 de novembro de 2006, emitido polo xefe admin. de Vías e Obras, conformado polo asesor xurídico de Servizos Xerais e máis polo concelleiro delegado, que di o que segue:

“A xunta de Goberno local na sesión ordinaria do 2 de outubro de 2006 aprobou os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas, así como o inicio do expediente de selección do contratista, por procedemento aberto en forma de concurso, para executa-las obras do proxecto de “Reparación do Paseo de Bouzas”.

No nº 198 do Diario Oficial de Galicia do 13 de outubro de 2006 publicouse o anuncio de contratación por concurso das obras do proxecto “Reparación do Paseo de Bouzas”

O respecto, con data 10 de novembro de 2006, D. Eugenio Corral Álvarez, con DNI 33,844,670-D, actuando en nome e representación da FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCCIÓN presenta no Rexistro

Municipal recurso de reposición ante a Sra. Alcaldesa do Concello de Vigo contra a resolución pola que se anuncia a licitación de dita obra fundamentando o mesmo na improcedencia da categoría esixida ós contratistas, especificada na cláusula V.2 . “Requisitos dos contratistas. Clasificación e Solvencia”, do prego de condicións administrativas,. En concreto a clasificación requirida é :

Subgrupo 1 dentro de Grupo I; Categoría e

Subgrupo 6 dentro do Grupo G; Categoría e

Dado que a categoría requirida virá dada en función da anualidade media do contrato contemplando os distintos tipos de obra do proxecto e os seus respectivos importes. Comprobados estes importes parciais do presuposto do proxecto, apréciase un erro no referente á clasificación esixida ás empresas licitadoras, sendo a categoría correcta en cada un dos grupos e subrupos que se indican a c.

Para a tramitación do expediente compre suliñar que a execución de ditas obras debe realizarse de xeito urxente dado o actual estado do paseo, pois a actual situación de deterioro do pavimento e da instalación eléctrica pode provocar un accidente ós usuarios do mesmo, e dado a época na que estamos un agravamento das condicións metereolóxicas pode provocar aínda un maior deterioro do mesmo polo que respecta o movemento das losas de pedra do pavimento.

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Estimar o recurso de reposición presentado por D. Eugenio Corral Álvarez, con DNI 33,844,670-D, actuando en nome e representación da FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCCIÓN contra a resolución pola que se anuncia a licitación, mediante concurso por procedemento aberto das obras do proxecto de “Reparación do Paseo de Bouzas”

2º.- Corrixir o prego de condicións administrativas particulares para a contratación das obras do proxecto de “Reparación do Paseo de Bouzas” na súa Cláusula V.2. Requisitos dos contratistas. Clasificación e Solvencia, fixando como clasificación a esixir a seguinte :

Subgrupo 1 dentro de Grupo I; Categoría c

Subgrupo 6 dentro do Grupo G; Categoría c

3º.- Aprobar o procedemento de urxencia para proceder á contratación de ditas obras

4º.- Iniciar novamente o procedemento licitatorio, por vía de urxencia, convocando o concurso para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no anterior informe.

5(1613).- DECLARAR DESERTO O CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DA NOVA PONTE SOBRE O RÍO LAGARES NA BAIXADA Ó PONTILLÓN”. EXPTE. 3417/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 13.11.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Declarar deserto o concurso para a contratación das obras de construción do proxecto de “Construción da nova ponte sobre o río Lagares na baixada ó Pontillón” Expte. 34167/250, por non se ter presentado licitadores.

6(1614).- REPARACIÓN POR EMERXENCIA DO CAMIÑO DE BREA EN LAVADORES. EXPTE. 11884/444.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador de Área de Servizos Xerais, do 15.11.06, que di o seguinte:

Antecedentes

O tramo final do Camiño de Brea en Lavadores atópase sustentado por un forxado, o cal atópase colapsado e apuntalado provisionalmente. Este forxado suxetabase nun muro de contención que se derrobou, desconsolidando o talud sobre o cal existe o peche dunha vivenda que se atopa en perigo de derrumbe.

A situación é moi perigosa tanto para os inmobles da zona afectados como para o tránsito peatonal que segue utilizando dito camiño, o técnico que suscribe entende que as obras de reparación teñen o carácter de emerxencia.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1º.- *Adxudicar por tramitación de emerxencia a reparación dos traballos de reparación do Camiño de Brea en Lavadores, á empresa Movexvial, S.L. por un importe de 29.381,13 Euros, dacordo co presuposto que se achega.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.